

NORMAS DE PARTICIPACIÓN NA FEIRA DA PLANTACIÓN

Inscripcións

1. O Concello de San Sadurniño asume en exclusiva a competencia de ordenación e control da Feira, incluíndo a aceptación das solicitudes, a delimitación de zonas e a distribución dos postos.
2. A DATA LÍMITE DE SOLICITUDES é o **19 de abril de 2022**.
3. A publicación da LISTAXE DAS SOLICITUDES ADMITIDAS será o **20 de abril de 2022**, na páxina web do Concello www.sansadurnino.gal
4. As solicitudes poderán ser presentadas empregando algún dos seguintes medios:
 - Presentación no Rexistro municipal, na Casa do Concello
 - Por correo postal: Concello de San Sadurniño, O Casal, 16, 15560 San Sadurniño
 - Pola sede electrónica do Concello
5. A organización resérvase o dereito de modificar o que considere oportuno.

Organización da Feira da Plantación:

- O Concello encárgase da organización da feira e é o responsable de situar ás persoas/empresas participantes nos lugares que se lles indique. Os postos poderán solicitar un máximo de 6 metros lineais, agás viveiros e maquinaria agrícola que poderán solicitar un máximo de 12 metros. Neste senso, os metros poderán ser modificados en función do número de solicitudes.
- As persoas/empresas participantes estarán obrigadas a manteren o seu posto en condicións de hixiene e orde, e a recolleren os residuos que xere a súa actividade.
- As persoas ou empresas participantes na feira deberán traer o mobiliario necesario para instalaren o seu posto.
- En caso de discrepancias, poderán presentarse as correspondentes reclamacións por escrito no Rexistro.
- O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2014 ENTROU EN VIGOR O DECRETO POLO QUE SE REGULAN EN GALICIA AS CONDICIÓNS DE VENDA DIRECTA DOS PRODUTOS PRIMARIOS DESDE AS EXPLOTACIÓNS AO CONSUMIDOR FINAL. As persoas que teñan postos de venda de produtos primarios deberán de cumprir coas normas que establece o Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos ditos produtos desde as explotacións á persoa consumidora final.
- Ás persoas ou entidades que non cumpran coas normas aquí establecidas o Concello poderá denegar a súa participación en próximas feiras que se organicen.

Acceso dos postos ao recinto da feira:

- Accederase por numeración. Neste senso cada posto terá asignado un número e unha hora determinada de entrada ó espazo da feira
- Os postos que non accedan á hora sinalada terán que esperar fóra do recinto ata o final.
- A partir das 10:15 horas non se permitirá o acceso de ningún posto.
- Non se poderá deixar o coche no espazo habilitado para a feira
- Non se poderá de desmontar antes das 19:30 horas. Para desmontar primeiro desmóntase o posto, e logo métese o vehículo para cargar o material.

Prezo público por participar:

Para cubrir unha parte dos gastos de organización, será preciso pagar as seguintes cotas de participación:

- Cota para postos que soliciten entre 1 e 5 metros frontais: 5,00 euros
- Cota para postos que soliciten entre 6 e 15 metros frontais: 15,00 euros
- Cota para postos que soliciten entre 16 e 25 metros frontais: 25,00 euros
- Cota para postos que soliciten carpa de 5x5: 75,00 euros
- Cota para postos que soliciten carpa de 12x6 : 200,00 euros
- Cota cero: 0,00 euros, para as entidades expositoras sen fin de lucro

As cotas deberán ser aboadas con anterioridade, ben presencialmente nas oficinas do Concello ou por transferencia bancaria, na conta: ES74/2080/0208/0131/1000/0059 (Concepto Inscripción Feira da Plantación e nome da persoa)

O día da feira haberá que presentar o xustificante de ingreso para acceder á feira